

## **Ola familias,**

Desexamos que sigades todas ben.

Ao igual que as anteriores semanas, preparamos actividades que podedes facer sen imprimir, para elaboralas na casa so precisamos papel e rotulador, lapis, cera... e obxectos que teñades por casa, todo serve!

Na primeira parte do documento explícase como realizar estas actividades, e na segunda, as fichas para imprimir.

Esta semana repásanse seguintes os conceptos:

- Lecto-escritura: letras iniciais, traballando especialmente as vogais (A, E, I, O, U), e o eme (M) e o pe (P).
- A serie numérica: números veciños, números agochados ou perdidos.
- Copia o modelo: igual que.

Se realizan as actividades nas que non é preciso imprimir xa é suficiente.

**Grazas pola vosa colaboración!**

## LETRAS INICIAIS

### AS VOGAIS

Collemos, ou elaboramos as tarxetas coas cinco vogais: A, E, I, O, U. Pode elaboralas a nena ou neno. Despois, pedímoslle que pense en palabras que comecen por eses sons, sempre de un en un. Se vemos que lles custa, podemos dicirlle dúas palabras e que escolla a que empece polo son que estamos buscando, por exemplo, coa A, ÁRBOL- MESA, e o neno ou nena ten que escoller árbol; ou poñerlle diante obxectos, que ela ou el diga os seus nomes e escolla o que comeza por cada vogal. Por exemplo: un oso, un aro e un insecto.



A continuación, poden escribir as palabras coas tarxetas das letras soltas, ou podemos elaborar tarxetas cos nomes dos obxectos e que o neno a repasa, ou a escriba.





## **M e P.**

Poñemos unha tarxeta co M, e outra co P.

Ao igual que na anterior actividade os nenos e nenas buscan obxectos, ou pensan en palabras. Poden escribir as palabras coas tarxetas ou que o adulto elabore a tarxeta coa palabra completa para axudalos.

Poden engadir todas as palabras que queiran, aínda que o mínimo serían tres por letra.

Despois é convinte que escriban eles as palabras, e si queren que debuxen o obxecto. Deben poñer o seu nome.





## NÚMEROS VECIÑOS

É unha actividades que xa propuxemos varias veces. Con ela traballamos varios aspectos do número. Hoxe deixamos unha nova versión. Coa que manipular e cambiar un pouco a actividade.

Coma sempre, é recomendable que as nenas e nenos participen na elaboración dos materiais . Nesta proposta empregamos tapóns e cartóns, pero si non tedes serve con tarxetas de papel, cartolina ou cartón.

Na base pódense marcar os espazos con forma de cadrado, círculo..., como queirades. Os ocos poden deixarse en branco, ou escribir un número. Despois os nenos e nenas terán que colocar nos ocos baleiros os números que faltan.








## A SERIE NUMÉRICA

Esta actividade, coma a anterior, fixémosla outras veces, polo que presentamos novo formato. É unha idea sinxela coa que os nenos e neas pódense entreter un bo rato decorándoo. Podemos empezar con poucos vagóns e ir engadindo a medida que o neno ou nena quiera.

Con este tren podemos facer varias actividades:

- Ordear a serie numérica: dámoslle as tarxetas (ou tapóns que temos da actividade anterior), e que os coloquen en orde.
- Colocar algúns números e pedirlle aos nenos que completen os que non están.
- Elaborar tarxetas coas cantidades (como na segunda imaxe) e que poñan no mesmo vagón o número e a cantidade.
- En vez de tarxetas de cantidades, enriba do vagón de cada número, poden poner a cantidade de pezas de construción/garavanzos/lentellas/macarróns/palillos..., correspondete (coma na cuarta e quinta imaxe)







## COPIA O MODELO: IGUAL QUE.


Elaboramos dúas táboas iguais en unha folla (cartolina, cartón...).

Podedes facer un pequeno debuxo en cada folla, ou ben, facer os debuxos en tarxetas, facendo sempre dous debuxos iguais, para que o neno ou nena, despois os coloque na táboa en branco. Estes debuxos, coma sempre os poden facer as nenas e nenos.

Se o facedes con tarxetas poden xogar cambiando o modelo de cada vez.

Colocaremos nunha táboa os debuxos, e deixaremos as tarxetas e a táboa en branco para que a nena ou neno a complete igual co modelo.







COMO SE CHAMAN? ESCRIBE A LETRA INICIAL. DESPOIS COLOREA.




---



---



---





---




---












CLASIFICA AS PALABRAS SEGUNDO A LETRA INICIAL (SEGUINTE FOLLA).

<b>M</b>	<b>P</b>















REPASA AS PALABRAS. DESPOIS, RECÓRTAAS E PÉGAAS ONDE CORRESPONDE.











ESCRIBE OS NÚMEROS VECIÑOS.





COMPLETA A SERIES NUMÉRICAS.





COPIA O MODELO. ATENTO, TES QUE FACELO IGUAL!

